

## **Instrucións para os alumnos/as.**

1. Os alumnos/as deberán seguir as indicacións do seu profesor/a e en ningún caso deberán seguir iniciativas propias.
2. Os alumnos/as que recibisen instrucións concretas do seu profesor/a deberán responsabilizarse do seu cumprimento e colaborar no mantemento da orde do grupo.
3. Os alumnos/as non recollerán os seus obxectos persoais, coa fin de evitar obstáculos e demoras.
4. Os alumnos/as que se atopan nos aseos ou locais anexos, ao soar a alarma deberán incorporarse rapidamente ao seu grupo. Se se atopan nunha planta distinta, incorporaranse ao grupo máis próximo e xa no exterior buscarán ao seu grupo e incorporaranse ao mesmo comunicándollo ao profesor/a
5. Tódolos movementos se realizarán con rapidez e con orde, nunca correndo nin empurrando ou atropelando aos demais.
6. Ninguén deberá deterse xunto ás portas de saída.
7. Os alumnos/as deberán evacuar o centro en silencio, con orde, evitando atropelos e axudando aos que teñan dificultades ou sufran caídas. A evacuación realizarase como máximo en tres fileiras, dúas polos laterais e unha polo centro.
8. Na evacuación débese respectar o mobiliario e o equipamento escolar.
9. No caso de que nas vías de evacuación haxa algún obstáculo que dificulte a saída, será apartado polos alumnos/as, se fose posible, de xeito que non provoquen caídas das persoas ou deterioro dos obxectos.

10. En ningún caso o alumno/a debera volver atrás sexa cal sexa o pretexto.
11. En tódolos casos, os grupos permanecerán unidos, non se disgregarán e concentraranse no lugar exterior previamente establecido, coa fin de facilitar aos profesores/as o control dos alumnos/as.
12. Cando en caso de fundimento ou explosión se teñan que atravesar algunha salas, deberá facerse preto das paredes, nunca polo medio das mesmas.
13. En caso de ter que atravesar zonas inundadas de fume, deberanse protexer as vías respiratorias con panos mollados. Se a intensidade do fume é alta, non se deberá pasar por ditas zonas.
14. En caso de inundación por fume de corredores e escaleiras, o grupo ha de permanecer na clase, cerrar as portas e xanelas e colocar trapos mollados nas xuntas das portas para evitar a entrada de fume. A través das xanelas chamarase a atención do exterior.
15. En caso de evacuar sotos ou subterráneos, farase sempre cara arriba, nunca cara abaixo.